

Traballo CCBB 1ª avaliación

AUTORRETRATO



Debedes poñer en práctica as cuestións gramaticais estudadas, introducindo na descrición os recursos literarios que estudamos (comparacións, metáforas, hipérbolos e enumeracións de adxectivos); así como as de vocabulario, enriquecendo o texto con sinónimos e antónimos (para iso recurride sobre todo aos exercicios de léxico que traballamos no libro de texto).



Por último tedes que crear o retrato cunha imaxe interactiva a través dunha ferramenta dixital chamada **thinglink**. Para iso seguredes os seguintes pasos:

- 1.- **Entrade na páxina de Thinglink:** <http://www.thinglink.com/> e iniciade sesión (*log in*). Escibide o correo (*e-mail*) e o contrasinal (*password*) que vos facilite a profesora; de novo *log in*.
- 2.- Unha vez dentro, **creado o thinglink (create)**. Se se pulsa en *choose images or drag-and-drop here* búscase unha imaxe que se teña gardada no equipo e se sube simplemente indo ao lugar en que está gardada e dando dobre click sobre ela.

Pinchando en *web* se pode copiar unha imaxe de internet, copiando no recadro *Enter image URL here* o enderezo da imaxe que se queira subir.
- 3.- Xa temos a imaxe que vai servir de base ao retrato. **Agora a editamos (edit) e**, en primeiro lugar, poñémolle como título o nome do personaxe. Aparece na imaxe *Click to add a tag*, o cal quere dicir que cada vez que pinchemos na imaxe **podemos engadir un recurso (tag)**: imaxe, vídeo, música, texto,...
- 4.- Ao pinchar, sobre a imaxe **aparece sobre ela un icono, e se abre un cadro á esquerda** onde podemos subir a imaxe, o vídeo,... copiando o enderezo no recadro (*Link*); en *Descrición* escribiremos o texto que queiramos, e en *icon* podemos cambiar o icono (ex.: os que se mostran na imaxe da dereita). Cando terminemos, gardamos (*save tag*).
- 5.- **Unha vez engadidos os recursos (tags) que queiramos, gardamos os cambios en Save**. Podemos modificar, eliminar ou engadir recursos, pulsando de novo en *EDIT*.

- 1.- As imaxes que insertedes deben adaptarse ao contido que escribades.
- 2.- Incluíde imaxes que recollan diferentes planos vosos.
- 3.- Insertade un vídeo que se relacione dalgún xeito co que estades describindo (pode ser un vídeo voso ou que estea relacionado con algunha actividade que practiques, algunha afección que teñades...)
- 4.- Recordade que o texto ten que ser subxectivo. Polo tanto, utilizade abundante adxetivación e recursos expresivos como comparacións, metáforas, hipérbolos,...
- 6.- Os textos deben seguir unha orde clara e debe haber descrición de rasgos físicos e psíquicos.